

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

4º EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 2021-2022

CEIP PLURILINGÜE DE CARNOTA

ÍNDICE

1. Introducción e xustificación	4
2. Contextualización: centro educativo e alumnado	5
3. Obxectivos xerais	6
4. Contribución dende as áreas ao desenvolvemento das competencias básicas	10
5. Contidos xerais	13
6. Educación en valores	17
7. Metodoloxía	18
7.1. Ambiente de aprendizaxe	18
7.2. Perspectiva didáctica	20
7.3. Papel do profesorado e do alumnado	21
7.4. Agrupamentos	22
7.5. Apertura ao contorno	22
8. Plans e proxectos	24
9. Adaptación do protocolo COVID-19 á aula	25
10. Atención á diversidade e necesidades específicas de apoio educativo	27
11. Actividades	27

12. Avaliación	29
13. Conclusión	33

1. Introducción e xustificación

A presente programación é un instrumento específico de planificación, desenvolvemento e avaliación de cada unha das áreas do currículo segundo a *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*. Concretamente, Muñoz, C. e Zaragoza, C. (2008) definen programar como: “un resumen de todas las actividades o conjunto de actividades educativas que se desarrollarán durante un curso escolar”. De aí, móstrase a importancia de planificar o proceso educativo, que sexa unha guía que axude ao docente ao longo do curso, aínda que debe ser aberta e flexible para dar resposta ás características do alumnado, así como á situación epidemiolóxica que presentamos na actualidade e que pode desencadear nun proceso educativo semipresencial ou non presencial. Ademais, resaltar que para a súa elaboración se seguiron os diferentes niveis de concreción curricular.

O primeiro deles correspóndese co currículo da educación infantil desenvolto no *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*; o segundo, coa concreción curricular de centro e o terceiro, pola súa banda, xa se corresponde coa propia programación didáctica de ciclo. Finalmente, mencionar que esta debe facilitar a finalidade da educación infantil que tal e como sinala a *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación* parcialmente modificada pola *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa* e o currículo da educación infantil, é contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos/as.

Sinalar que está dirixida a alumnado de cuarto curso de educación infantil (3 anos) para o curso académico 2021-2022 establecido pola *Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes*

sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Contextualización: centro educativo e alumnado

O CEIP Plurilingüe de Carnota, segundo catálogo, consta de dúas unidades de Educación Infantil (este ano, ao igual que no curso anterior, habilitouse unha terceira aula debido ao gran número de alumnado desta etapa) e seis unidades de Educación Primaria (un grupo por nivel), o cal se encontra regulado polo *Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria*. Este centro sitúase no concello de Carnota caracterizado por unha economía baseada na actividade pesqueira e o sector servizos, cun nivel socioeconómico medio. Así mesmo, está situado nunha zona con múltiple natureza ao seu redor. Ao presentar oito unidades, contamos con todos os órganos de goberno e coordinación docente segundo o regulamento orgánico destes centros e, especificamente, con departamento de orientación compartido co CEIP do Pindo, seguindo o *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia* e a *Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia*. Sinalar a existencia do plan de convivencia, así como se forma parte do PLAMBE, se iniciou este ano no programa E-dixgal e se conta cunha auxiliar de conversa.

As instalacións compren os requisitos sinalados no *Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria*. No referido á xornada lectiva, esta é de sesión continua de mañá (de 9.45 a 14.45) segundo o establecido na *Orde do 29 de maio de 2008 pola*

que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, centros de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados. Presenta ademais servizo de transporte escolar regulado polo Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.

O alumnado ao que vai dirixida esta programación é un grupo de 11 nenos/as de cuarto curso de educación infantil, tres anos, polo que cumpre coa ratio establecida na *Orde do 25 de xuño de 2009*. A súa lingua vehicular predominante é o galego por ser a lingua materna predominante do meu alumnado, tal e como establece o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* e as *Instrucións para a aplicación deste tras o pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia*. Ademais, procurarase que o alumnado sexa competente na outra lingua oficial, a través da visualización de curtos animados, poesías, festas,...

Sinalar que, en principio, non se conta con ningún alumno/a con necesidades educativas, nembargantes é preciso considerar a diversidade de cada un deles, polo que se realizará unha atención o máis individualizada posible, atendendo ao seu nivel evolutivo (tan notable nestes primeiros anos, sobre todo, entre os nenos/as de xaneiro e decembro), características individuais, familiares, sociais, intereses,...

3. Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais para o segundo ciclo de educación infantil son as capacidades que se espera que consiga o alumnado ao finalizar esta etapa. O establecemento destes supón en palabras de Zabalza (2007), "*un proceso de reflexión, de depuración y de explicitación de lo que se quiere hacer*", é dicir, reflicten as intención educativas. Os que se presentan a continuación derivan dos secuenciados na programación de ciclo e na concreción curricular que, a súa vez,

proveñen do currículo, e encóntranse adaptados ás características dos meus alumnos/as e organizados nas diferentes áreas de coñecemento.

Área I. Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

Esta área fai referencia ao coñecemento e coidado do propio corpo e as súas posibilidades e limitacións, o que é a base para a elaboración da súa identidade persoal, os seus sentimentos e emocións. Dita área relaciónase coa competencia en autonomía e iniciativa persoal e coa social e cidadá. Resaltar que esta área cobra gran importancia nos primeiros anos, pois é o momento no que forman o seu esquema corporal, evoluciona en gran medida a súa psicomotricidade,...

- Coñecer e representar o propio corpo, discriminando as partes máis globais e iniciándose no recoñecemento dalgunhas das súas funcións.
- Recoñecer e expresar as propias emocións, sentimentos, necesidades e preferencias e identificar e respectar as dos demais.
- Amosar respecto e aceptación cara as diferenzas individuais e colectivas.
- Avanzar na creación dunha autoimaxe axustada e positiva de si mesmo identificando as propias características, posibilidades e limitacións, o que o levará a acadar maior autonomía e desenvolver a súa autoestima.
- Coordinar con maior precisión xestos e movementos.
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio para o seu desenvolvemento.
- Participar en actividades da vida cotiá con iniciativa e progresiva autonomía regulando o propio comportamento e resolver de maneira pacífica conflitos.
- Adecuar o seu comportamento ás necesidades e requirimentos dados por outras persoas, desenvolvendo hábitos de axuda, respecto e colaboración.
- Avanzar na adquisición de hábitos de orde e constancia.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde.

- Pedir e aceptar a axuda das outras persoas cando a situación o requira.

Área II. Coñecemento do contorno

Esta área atende a que os nenos e nenas descubran, coñezan e comprendan a realidade, tanto no seu aspecto físico (pensamento lóxico-matemático), natural (mundo animal e vexetal) e sociocultural (formas de organización social). Isto mostra que se interrelaciona coa competencia para aprender a aprender, coñecemento e interacción co mundo físico, matemática e social e cidadá. Destacar que nesta área xorde o coñecemento dun novo contorno: o escolar, así como se amplían todos os demais.

- Iniciarse no recoñecemento e emprego de elementos matemáticos na vida diaria.
- Usar o coñecemento matemático para interpretar a vida diaria, comezando a comprender situacións e resolver problemas.
- Observar e explorar activamente o seu contorno natural a través dunha actitude de coidado, respecto e conservación.
- Recoñecer cambios e modificacións que se dan no contorno e algúns dos seus factores.
- Comezar no establecemento de relacións causa-efecto elaborando hipóteses.
- Relacionarse coas demais persoas interiorizando gradualmente as pautas de comportamento social e axustando as súas condutas a elas.
- Crear relacións de afecto, confianza e pertenza baseadas no respecto ás persoas, as normas e os valores da sociedade a que pertencen.
- Recoñecer características de grupos sociais próximos a súa realidade.
- Coñecer elementos significativos da tradición e da cultura galega, apreciarlos e facelos seus.
- Identificar persoas e sucesos relevantes da historia da súa comunidade, país e mundo.

Área III. Linguaxes: comunicación e representación

Esta área presenta como propósito mellorar as distintas formas de comunicación e representación do neno/a: linguaxe verbal (competencia en comunicación lingüística), artística (competencia cultural e artística) e audiovisual (tratamento da información e competencia dixital), co fin de facilitar a relación co medio e coas demais persoas. Nesta área, é importante destacar a necesidade de traballar en gran medida a linguaxe oral, pois os pequenos/as aos tres anos aínda a están afianzando, así como xorden pequenos problemas de pronunciación que se poden ir emendando.

- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais, valorando ambas como instrumentos de comunicación e de aprendizaxe.
- Comezar no uso oral dunha lingua estranxeira e mostrar interese cara ela.
- Iniciarse no achegamento progresivo á lingua escrita a través de diferentes textos considerándoa como un medio de comunicación, información e gozo.
- Empregar a biblioteca como fonte de información e pracer.
- Usar distintas linguaxes como instrumento de comunicación, de aprendizaxe e de gozo.
- Iniciarse na valoración da importancia das manifestacións non verbais na comunicación.
- Utilizar técnicas e recursos básicos das distintas formas de representación e expresión para aumentar as súas posibilidades comunicativas, potenciando a súa capacidade creativa.
- Aproximarse ao descubrimento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, adquirindo sensibilidade estética.
- Aproximarse ao coñecemento e emprego das tecnoloxías de información e comunicación como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

- Comezar a ter unha actitude crítica cara a información obtida das producións audiovisuais.

4. Contribución dende as áreas ao desenvolvemento das competencias básicas

Unha competencia tal e como sinala o *Decreto 330/2009* é un elemento orientativo do currículo que se pode definir como a capacidade de pór en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. Estas, aínda que veñen indicadas para o ensino obrigatorio, é preciso desenvolvelas dende o inicio da escolarización para que a súa adquisición sexa progresiva e coherente. Por tanto, deben impregnar todo o proceso de ensino aprendizaxe.

- Competencia lingüística. Esta encóntrase relacionada coa área Linguaxes: comunicación e representación. A súa contribución realizarase cando se fomente a participación, se respecte a diversidade de respostas e se ofrezca un clima no que se anime a ler, escribir e conversar. Concretamente, a expresión oral traballarase tanto de maneira espontánea durante os diálogos que xorden entre os nenos/as, na expresión dos seus sentimentos, ideas,... como de forma dirixida, por exemplo, en momentos de realizar entrevistas, creando trabalinguas, poemas,... En relación á lectoescritura, fomentárase que os nenos se acheguen á lectura a través de diferentes textos literarios, expositivos,... polo que na biblioteca de aula haberá múltiples libros, como receitairos, contos, enciclopedias,... (os cales despois do seu uso se desinfectarán e deixarán en corentena), así mesmo seguindo o proxecto Lector, existirá un período de tempo diario para aproximarse a estes. Pola súa banda e atendendo á escritura, o alumnado achegarase a ela a través de palabras significativas como é o seu nome ou o dos seus compañeiros/as. Xunto a todo elo, o proxecto anual de aula sobre o que xirarán todas as actividades son os contos

infantís, así como o proxecto de centro será Xulio Verne, polo que esta competencia será unha das que máis se traballe este curso académico.

- Competencia matemática. Esta competencia atende á lóxica-matemática polo que se pode enmarcar dentro da área Coñecemento do contorno. Fomentarase empregando elementos e razoamentos matemáticos para enfrontarse ás situacións reais e cotiás que o precisen. Especificamente, desenvolveranse actividades de agrupacións, seriacións,... atendendo a diferentes aspectos (cor, tamaño,...), así como achegalos a nocións como é a medida mediante distintos instrumentos, tanto convencionais (regras) como non (pés); a temperatura, cun termómetro,...; o tempo con reloxos de area e dixitais,... Ademais, realizaranse actividades de achegamento aos números dende o seu valor conceptual, como guías telefónicas, calendario,... e de cantidade, usando os dados.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. A área Coñecemento do contorno encóntrase moi relacionada con esta competencia. Contribuirase a súa adquisición iniciando as criaturas no pensamento científico, potenciando habilidades de investigación como observación, realización de hipóteses, descubrimento de alternativas, experimentación,... Algunha das actividades que fomentarán esta serán identificar a través dos sentidos propiedades de obxectos como son os alimentos, realizar experimentos previndo as consecuencias e recoñecendo as causas, visualizar o contorno e distintos fenómenos,...
- Tratamento da información e competencia dixital. Esta interrelaciónase, sobre todo, coa área Linguaxes: comunicación e representación. Fomentarase cando se propoñan situacións como é empregar o encerado dixital interactivo para debuxar, escribir,... se lles ensine a acender e apagar o ordenador, empregar o rato, etc.

- Competencia social e cidadá. Contribuirase a esta durante o curso traballando as habilidades sociais que permitan mediar nos conflitos de convivencia, axuden a resolvelos con actitude construtiva e a tomar decisións con autonomía. Por elo, pódese observar que se interrelaciona coa área Coñecemento do contorno. Na aula, desenvolverase tanto en momentos puntuais cando exista un conflito entre o alumnado, cando se resalte a importancia de respectar as ideas dos demais,..., como a través de actividades de rutina e específicas como o achegamento a distintas festividades próximas do contorno, personaxes importantes, aspectos específicos da cultura galega, e outras culturas mediante investigacións.
- Competencia cultural e artística. Esta fomentarse cando a aula estea aberta ás diferentes manifestacións culturais e artísticas, converténdose nun espazo en que se aprecie e goce coa arte e coas manifestacións culturais, onde se potencie o emprego dalgúns recursos para realizar creacións propias; onde se manteña unha actitude aberta, crítica e respectuosa cara a diversidade de expresións artísticas e culturais e onde se impulse cultivar a capacidade estética e creadora e o interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio. Por isto, encóntrase moi relacionada coa área Linguaxes: comunicación e representación. Especificamente para alcanzar o sinalado realizarei actividades como achegarnos a diferentes cancións infantís e non infantís, cadros de pintores famosos,... Ademais, realizaranse creacións propias como cadros a través de estampados, collage,..., e representacións teatrais mediante sombras, monicreques, etc.
- Competencia para aprender a aprender. Esta relaciónase en gran medida coas tres áreas e contribuirase cando se incida na potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros das aprendizaxes, do traballo cooperativo e por proxectos, da resolución de problemas,

posibilitando a planificación e organización da tarefa a realizar e a selección e o tratamento da información a través dos recursos tecnolóxicos. Concretamente, na aula traballarase cando lle deixe ao alumnado a liberdade para equivocarse e de que se dea de conta logo dos seus erros, permitindo explorar múltiples opcións para resolver un problema,...

- Autonomía e iniciativa persoal. Dita competencia interrelaciónase coa área Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal e contribuírase a ela cando se permita imaxinar, emprender accións e desenvolver proxectos individuais ou colectivos con confianza, creatividade e responsabilidade, así como cando se apliquen valores como a responsabilidade, por exemplo, na realización de actividades derivadas de ser o encargado do día; o control emocional durante a resolución dun conflito; aprender dos erros cando se equivoque nalgunha actividade e o valore como motivo de crecemento e maduración,...

5. Contidos xerais

Segundo Coll, C. (1992) *“los contenidos designan el conjunto de saberes o formas culturales cuya asimilación y apropiación por los alumnos y alumnas se considera esencial para su desarrollo y socialización”*. Outra posible definición e atendendo ao aspecto curricular sería: son os medios a través dos que se conseguen alcanzar os obxectivos establecidos. Estes organizanse estruturados nas tres áreas e nos seus respectivos bloques de contido, aínda que se abordarán de xeito interrelacionado debido ao carácter globalizador da educación infantil.

Área 1. Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

O corpo e a propia imaxe

- Inicio na exploración e representación do seu propio corpo, recoñecendo algunhas das súas características e funcións.

- Identificación, verbalización e progresiva regulación das propias emocións, sentimentos, necesidades e preferencias e recoñecemento e respecto das dos demais.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas e aceptación da identidade, evitando actitudes discriminatorias.
- Adquisición de confianza nas capacidades propias.
- Comezo na aceptación e valoración axustada e positiva de si mesmo, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións.

Xogo e movemento

- Adaptación progresiva do ton muscular e da postura atendendo ás diferentes necesidades.
- Participación e gozo nos xogos como medio de coñecemento da realidade e forma de relación cos demais.
- Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar.

A actividade cotiá

- Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, regulando o propio comportamento.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas.
- Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo dos demais persoas, buscando os recursos axeitados.

O coidado persoal e a saúde

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo (hixiene, alimentación, descanso,...).
- Práctica de hábitos relacionados coa seguridade, saúde,...
- Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde.

- Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o requiran.

Área 2. Coñecemento do contorno

Medio físico: elementos, relacións e medida

- Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais (como a cor, a forma,...), examinando as súas características.
- Recoñecemento do uso do número na vida diaria.
- Observación da funcionalidade dos números na vida cotiá.
- Identificación de formas en elementos do contorno.
- Adquisición progresiva da noción do paso do tempo e da orientación espacial.

Achegamento á natureza

- Iniciación no estudo dalgúns características e funcións vitais dos seres vivos.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural.
- Descubrimento de cambios que se producen no contorno.
- Formulación de hipóteses, contrastándoas coas de outras persoas e identificando relacións causa-efecto.
- Gozo ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza.

Cultura e vida en sociedade

- Adquisición progresiva de pautas elementais de convivencia e de comportamento.
- Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza.
- Iniciación no coñecemento das funcións que compren diversas persoas, organizacións e institucións.
- Establecemento de relacións positivas e de afecto cos demais.
- Recoñecemento e valoración positiva dalgúns signos de identidade cultural galega.
- Aproximación cara persoas e sucesos relevantes da historia da súa comunidade, país e mundo.

Área 3. Linguaxes: comunicación e representación

Linguaxe verbal

- Utilización da lingua oral para relatar feitos, expresar e comunicar ideas, sentimentos,...
- Uso progresivo de léxico variado.
- Interese por participar en diferentes contextos lingüísticos (conversas, chistes, xogos,...).
- Emprego progresivo das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas.
- Inicio na lingua estranxeira.
- Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas.
- Interese por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.
- Gusto polas lecturas en voz alta.
- Participación creativas en xogos lingüísticos como adiviñas, trabalinguas,...
- Introducción ao uso da biblioteca como espazo de recursos literarios.

Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal

- Emprego das linguaxes artísticas como medio de comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Potenciación da imaxinación e fantasía para enriquecer a actividade creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de diversos materiais.
- Aproximación a diferentes obras artísticas.
- Vivencia do son e o silencio.
- escoita activa de diferentes audicións.
- Uso de xestos e movementos para a expresión e a comunicación.

Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación

- Achegamento ás tecnoloxías como fontes de información, de comunicación e de investigación.
- Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.

6. Educación en valores

Ademais dos contidos sinalados, destacar que tamén se traballarán diversos valores tal e como se encontra regulado no currículo, pois unha adecuada educación non só se refire á adquisición de coñecementos senón que tamén á formación do ser humano como un ser inmerso na sociedade. Desta forma, potenciaranse valores tales como a liberdade persoal, a solidariedade, a responsabilidade, o respecto cara os demais,... Ademais, centrareime en desenvolver unha actitude de non violencia, previr os conflitos pacificamente e favorecer a igualdade entre homes e mulleres como establece a *Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*.

Todos estes valores potenciaranse na aula en diferentes momentos. En primeiro lugar, destacar as rutinas, onde se priorizará a importancia de cumprir as quendas de palabra, respectar as creacións propias e alleas, participar nos recantos sen discriminación de xénero,... Como actividades específicas, mencionar que se buscarán posibles solucións dun conflito que xorde nun conto, realizar actividades de aprendizaxe servizo, como é a limpeza do noso contorno, etc. Finalmente, mencionar que estes tamén se traballarán durante as conmemoracións, como é o día Escolar da non Violencia e da Paz, o día Internacional da Muller,...

Ademais de ditos valores, na práctica diaria desenvolveranse actividades de educación para a saúde, educación ambiental, educación para o consumidor,...

Concretamente, a educación para a saúde será un dos puntos claves a tratar debido a situación actual derivada da COVID-19. Fomentarse a hixiene e lavado de mans continuamente, a colocación correcta da máscara,... Ademais, non hai que

esquecer que dende unha visión interaccionista, se desenvolverán outros múltiples factores que inciden nela. No referido á alimentación, desenvolveranse actividades como identificar nas merendas os alimentos máis saudables e que nutrientes nos proporcionan. Con respecto á actividade física, o neno/a ten a necesidade de moverse, saltar,... polo que se fomentarán actividades de psicomotricidade, realización de xogos tradicionais,... A educación vial, pola súa banda, traballarase sobre todo durante as saídas (aínda que este ano, ao igual que no anterior, serán difíciles de levar a cabo), destacando as normas viarias, así como en xogos que temos na aula.

No referido agora á educación ambiental, esta desenvolverase a través da plantación e coidado de sementes, a importancia da reforestación,...

Finalmente, cabe sinalar a educación para o consumidor, onde se traballarán actividades, como pode ser crear nós xoguetes a partir de materiais reciclados,...

7. Metodoloxía

A metodoloxía segundo García Torres, C. e Arranz, M.L. constitúe o conxunto de estratexias, agrupamentos, criterios para a selección e uso de materiais,... que compoñen as formas coas que se levará a cabo o proceso formativo. Así mesmo, para a súa concreción, hai que ter en conta as orientacións sinaladas no currículo.

7.1. Ambiente de aprendizaxe

Á hora de falar do ambiente de aprendizaxe, hai que facer mención aos espazos, materiais e distribución temporal.

No tocante aos **espazos**, a aula organizarase en forma de recantos. Esta formulación ten como obxectivo pór en práctica o postulado por Battini, E. (1982): “*es necesario entender el espacio como un espacio de vida, en el cual la vida se sucede y se desenvuelve: es un conjunto completo*”. Os recantos son espazos organizados e polivalentes nos que se propoñen actividades moi determinadas, libres ou dirixidas,

individuais, en pequeno grupo,... A súa función é propiciar o desenvolvemento global, potenciar a creatividade e investigación dos neno/as, que sintan unha escola viva,...

Na miña aula, os recantos son:

- *A biblioteca.* Este recanto está destinado á asemblea diaria onde se desenvolverán as rutinas, así como a presentación das actividades. Debido a situación epidemiolóxica actual, a asemblea trasladarase a cada un dos asentos, sendo empregada a biblioteca polo encargado do día de realizar as rutinas. Ademais, neste recanto iniciarase ao alumnado na lectoescritura a través da biblioteca de aula onde haberá diferentes textos ao seu alcance como son revistas, xornais, contos,... Finalmente, sinalar que neste desenvolverase o proxecto lector.

- *As letras.* Este recanto ten como finalidade a aproximación á lecto-escritura polo que haberá un encerado con letras imantadas para crear composicións, palabras en maiúsculas e minúsculas para identificar e copiar,...

- *Os artistas.* Ten como obxectivo que os nenos/as realicen actividades plásticas e creativas como é a estampación, o debuxo libre,... destacando a importancia da espontaneidade e a imaxinación.

- *Os números.* Este recanto está conformado por diferentes materiais que desenvolven a lóxica-matemática, como son os dados, caixa rexistradora con diñeiro ficticio, xogos ABN, oca e parchís, bloques de construción, arco da vella de Waldorf, bloques de construción, crebacabezas,...

- *A interactividade.* Nela aprendemos coa tecnoloxía empregando medios audiovisuais e informáticos, como é o ordenador e o encerado dixital... e traballando o Plan TIC.

- *A fantasía.* Este espazo ten como finalidade desenvolver xogos relacionados co xogo simbólico, habendo unha cociña con comida ficticia.

A elección por parte dos nenos/as dun recanto ou outro virá determinada pola miña parte, co obxectivo de que todos os nenos/as pasen por todos os recantos ao final da

semana. Así mesmo, debido a situación COVID, antes e despois do uso dos recantos, haberá lavado de mans. Existe tamén unha zona de mesas, onde os pequenos/as terán asentos fixos asignados.

Para presentar agora os **materiais**, é necesario distinguir material curricular e didáctico. No meu caso, o primeiro deles estará conformado por actividades impresas realizadas por min mesma. Con respecto ao material didáctico, este debe entenderse como mediador entre o alumno/a e a realidade, por elo, debe ser moi variado e presentará múltiples posibilidades de aprendizaxe. Segundo a normativa vixente e autores como Gimeno Sacristán debe cumprir criterios adecuados de versatilidade, seguridade e funcionalidade. Por elo, serán xogos modulares, crebacabezas, materiais de refugallo, da natureza, tecnolóxicos,... En relación a estes e debido a situación xerada pola COVID-19, estes serán desinfectados pola miña parte varias veces ao día.

Para finalizar é necesario tratar o **tempo**, o cal presentará como característica básica a flexibilidade co fin de adaptarse ás diferentes tarefas. Este será facilitador para que os nenos/as interioricen marcas de referencia temporal que lles posibilitarán a organización das actividades. Durante a xornada escolar, sinalar tamén que se combinarán tempos de rutina e de actividade.

7.2. Perspectiva didáctica

Como titora da aula, a miña proposta educativa será activa, participativa, afectiva, motivadora, valorando os coñecementos previos, capacidades e necesidades dos nenos/as,... É dicir, enmarcaríaa na perspectiva construtivista e baseándome nas achegas de diferentes autores tales como Piaget, Vygotsky, Bruner, Ausubel e Decroly. Por elo, como principios da miña intervención, cabe sinalar, primeiramente, a posta en práctica do procedemento de desequilibrio-reordenación-equilibrio co obxectivo de que o neno/a vaia superándose continuamente por un proceso de

asimilación e acomodación dos seus esquemas. Así mesmo, considerarei a importancia do contorno natural e social do neno/a, o cal ten gran influencia e cuxa axuda potenciará a súa zona de desenvolvemento próximo. Outro dos principios que levarei a cabo é o de fomentar a aprendizaxe por descubrimento, é dicir, que os nenos/as constrúan o seu coñecemento; e a aprendizaxe significativa, xa que a correcta incorporación de novos contidos debe realizarse a través da relación coa estrutura cognitiva xa existente. Ademais, acomodareime ás características evolutivas propias dos alumnos/as, así como atenderei á globalización, partindo de situacións globais onde se traballarán os diferentes contidos. Todo elo realizarase a través do xogo e tendo como fío condutor a afectividade.

7.3. Papel do profesorado e do alumnado

O meu papel como mestra será o de guía activa para o meu alumnado. Partirei dos esquemas de coñecemento que posúen co fin de aumentar a súa complexidade buscando unha aprendizaxe significativa e potenciarei os acertos e quitareille importancia aos erros, xa que ambos son necesarios para unha adecuada aprendizaxe. Ademais, debo ser a mediadora entre o neno/a e a cultura que o rodea, pois esta ten unha gran influencia para o seu desenvolvemento. Concretamente, estamos a vivir unha situación epidemiolóxica moi complicada polo que o meu papel como mediadora, neste caso, é imprescindible pois este está a vivir cambios moi drásticos aos que non está acostumado e aos que se vai ter que acomodar, polo que dende a escola temos un papel moi importante. Así mesmo, terei en conta a atención á diversidade de cada neno/a creando unha aprendizaxe individualizada atendendo aos diferentes ritmos e creando altas expectativas co fin de animalos e que poidan superar desafíos, como é a proposta metodolóxica empregada pola mestra no libro “El punto” de Reynolds, P.H. A parte da miña relación cos alumnos/as, será necesario que estableza unha relación de coordinación co resto do profesorado, así como coas

familias, en beneficio destes.

Con respecto ao papel dos pequenos/as, é necesario decatarse que son axentes activos e que teñen experiencia e coñecementos anteriores á escola, polo que é necesario partir deles para unha correcta estruturación dos seus esquemas cognitivos. Para a súa adquisición, é necesario que interactúen co medio e coas demais persoas, pois non aprenden de maneira receptiva senón a través de procesos de asimilación e acomodación.

7.4. Agrupamentos

Para atender a todo o alumnado e a natureza das actividades, organizarei diferentes agrupamentos. Por un lado, o grupo clase, a través do cal se crea un ambiente de pertenza ao grupo-aula (tan importante ao ser o primeiro ano no que están todos os pequenos/as xuntos, pois tres nenos/as non foron a escola de primeiro ciclo e non se coñecían), así como se fomenta a socialización. Algunhas actividades son a lectura de contos, a asemblea,... O pequeno grupo, pola súa banda, é idóneo para favorecer a interacción cooperativa. En relación a este, sinalar que as actividades organizaranse atendendo a grupos conformados na aula e a través dos cales realizaremos xogos de experimentación, murais,... Finalmente, a actividade individual é un bo recurso para a interacción máis próxima entre o neno/a e a docente co fin de prestarlle axuda individualizada. Esta empregárase en actividades de reforzo e ampliación.

7.5. Apertura ao contorno

Un centro educativo non debe estar illado do contorno, senón que debe valorar as súas características facéndoo partícipe da educación: familia e entorno social.

En canto á relación coas familias, é necesario unha boa comunicación e coordinación xa que a eficacia da educación infantil depende da unidade de criterios educativos na casa e na escola. Así mesmo, cabe resaltar a importancia do

intercambio de información mutua. Aportareilles ao final de cada trimestre un boletín onde se amosen os avances dos nenos e nenas. Ademais, trimestralmente desenvolveremos unha reunión de carácter grupal na que abordaremos aspectos xerais da aula. En relación a esta, e debido a situación xerada pola COVID-19, este curso dita reunión será de maneira telemática ou presencial (distanciamento social, uso da máscara e, a poder ser, realizada nun espazo moi amplo con ventilación ou no exterior) dependendo da situación epidemiolóxica nese momento. A primeira de ditas reunións desenvolverase antes do inicio escolar para presentarlles distintos aspectos xurdidos pola situación epidemiolóxica actual e outros a atender durante o curso escolar. Así mesmo, mantereirei cada semana unha hora de tutoría individual na que abordarei aspectos concretos dos alumnos/as coa súa familia, tal e como se regula na *Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*. Ditas tutorías serán preferentemente a través da vía telefónica ou correo electrónico, e só serán excepcionais as reunións presenciais. Tamén se empregará ao longo de todo o curso a plataforma ABALAR para mandar mensaxes individuais ou grupais, así como a carpeta individual que terá cada neno/a. Para rematar a relación coas familias, sinalar o préstamo de libros coa finalidade de fomentar o hábito lector. En relación con esta actividade, unha vez que os nenos/as traian os libros, estes permanecerán en corentena unha semana ata que poidan ser levados polos seus compañeiros/as.

As familias tamén poderán participar no centro a través da súa representación no Consello Escolar, comisión de convivencia e comisión económica e mediante a asociación de nais e pais de alumnos/as do centro.

En canto á apertura ao contorno social, debido a situación actual non é

recomendable a visita de distintas persoas, polo que nun primeiro momento e se a situación non o permite non se van a realizar. No referido as saídas, estas dependerán tamén da situación, aínda que o que si se vai aproveitar é o contorno natural do colexio. Finalmente, sinalar a relación coas institucións, como é o concello.

8. Plans e proxectos

Ao longo do curso académico, na aula desenvolveranse os distintos plans e proxectos do centro. Concretamente:

- Plan de convivencia. Este plan do centro elaborouse a partir da *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa* e do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro* que o desenvolve. Este ten como finalidade crear un ambiente positivo e onde a resolución de conflitos se realice de maneira pacífica, identificando as causas, posibles solucións,... de maneira autónoma. O seu desenvolvemento na aula farase principalmente a través dun ambiente de afecto e non violencia, así como de respecto e compañeirismo entre todos/as.
- Plan TICs. Este plan ten como obxectivo o fomento das novas tecnoloxías, o cal se potenciará a través do achegamento aos pequenos/as de ferramentas tecnolóxicas como o ordenador e o encerado dixital interactivo.
- Plan de orientación. Este documento está enfocado cara a atención á diversidade de todo o alumnado destacando, sobre todo, a identificación de necesidades educativas deseñando accións encamiñadas á atención temperá, a participación na avaliación psicopedagóxica, así como a toma de distintas medidas. Na aula, focalizarase identificando posibles problemáticas, adaptando tempos e actividades ás características individuais, sociais, intereses,...
- Plan de acción tutorial. Con este, o que se busca é a coordinación da tarefa educativa, na que intervén toda a comunidade educativa (familias, alumnos/as, mestres/as).

- Plan de acollida. Neste documento, figuran distintas actuacións que axuden na integración dos nenos/as á escola. Este é moi importante no meu alumnado ao ser a primeira vez que se incorpora á escola de segundo ciclo de infantil. Na aula, desenvolverei actividades de presentación dos compañeiros/as, normas da aula, recantos,... así como todas aquelas medidas derivadas da situación COVID-19.
- Proxecto lector. Este proxecto ten como finalidade o fomento da lectura (competencia lingüística), así como o achegamento á biblioteca. Para elo, crease na aula un recanto de biblioteca onde os nenos/as poidan manipular libremente distintos libros de diversas temáticas e formatos. Recordar que para o seu uso debido a situación epidemiolóxica actual, é preciso lavar as mans previa e posteriormente.
- Proxecto lingüístico. Este está destinado a fomentar o uso da lingua galega, a través de distintas accións planificadas polo equipo de normalización e dinamización da lingua galega. Na miña aula, case todos e todas falan galego polo que este será a lingua vehicular, nembargantes atenderei un caso no que non entende este idioma e o cal lle irei presentando pouco a pouco. Ademais, potenciarei o seu uso a través de láminas, cancións, vídeos,... sen descoidarme nunca do fomento da outra lingua oficial de Galicia, a cal tamén lle custa un pouco.

9. Adaptación do protocolo COVID-19 á aula

Debido á situación actual orixinada pola COVID-19 e seguindo os distintos protocolos e instrucións dadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, considérase oportuno a creación dun punto específico onde se mencionen unha serie de medidas a levar a cabo co alumnado, algunhas das cales xa se foron mencionando ao longo da programación. Entre elas, destacar:

- Os nenos e nenas terán asentos fixos. Serán estes grupos os que xoguen nos recantos intentando interaccionar o menos posible cos outros.

- Será preciso lavarles ás mans cinco veces ao día, como mínimo. Algunhas destas veces serán antes e despois de usar os recantos.

- Logo do emprego dos materiais dos recantos, os cales serán os mínimos e imprescindibles, así como de fácil lavado, desinfectaranse e deixaranse en corentena.

- Existirá material individual para cada neno/a, o cal será o de uso diario. Logo, en cada grupo haberá material común que non se compartirá cos outros grupos e que se desinfectará despois do seu uso.

- O momento de recreo, como está sinalado na programación de ciclo, será escalonado sen relación coas outras dúas aulas. Ademais, durante el só se poderán empregar os xoguetes da nosa aula.

- A asemblea realizarase sentado cada neno/a no seu asento, exceptuando o encargado do día.

- Enfatizar ás familias a importancia de recoñecer os síntomas COVID-19 co obxectivo de que se os teñen non os manden á escola. Como titora, se identifico algún síntoma activarei protocolo COVID-19 seguindo o protocolo do centro educativo.

Xunto a todos estes aspectos, sinalar que se un neno/a debe estar illado ou en corentena, manterei un contacto permanente coa familia, para saber do seu estado e poder, se se encontra en boas condicións, presentarlle distintas actividades a realizar. Para elo, empregarei o correo electrónico, ABALAR ou a vía telefónica.

Finalmente, se xorde a situación de actividade lectiva non presencial, a principal vía de contacto cos alumnos/as será a do correo electrónico, o teléfono, ABALAR, páxina web do colexio,... así como todas aquelas vías de comunicación que se consideren oportunas dependendo da situación epidemiolóxica. No caso de semipresencialidade, combinaranse os tempos de aula onde se desenvolverán as actividades onde máis contidos se traballen con actividades propostas para casa onde se realicen aquelas máis abertas e manipulativas.

Toda esta información será transmitida ás familias antes do curso escolar.

10. Atención á diversidade e necesidades específicas de apoio educativo

É preciso destacar que durante o proceso de ensino aprendizaxe, é necesario atender ás características, necesidades, posibilidades e limitacións de cada alumno/a, xa que cada un deles é un mundo con características únicas. Desta maneira, individualizaráselles o máximo posible o proceso educativo, co fin de facilitarlles o seu desenvolvemento persoal e social. Para elo, concíbese a atención á diversidade entendendo por esta *“o conxunto de medidas que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado”* segundo o disposto no *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*

Atendendo a esta diversidade, sinalar que ningún dos meus alumnos/as presenta necesidades educativas, nembargantes, e tal e como sinalai anteriormente, atenderei en gran medida o caso do alumno/a que non sabe o galego e o cal tamén ten algunha dificultade no castelán, debido a que no seu fogar o árabe é a lingua predominante. Para elo, realizarei actividades de adquisición de vocabulario, lectura de contos, establecemento de diálogos sinxelos,...

11. Actividades

As actividades deben entenderse como as ferramentas para desenvolver os contidos e acadar os obxectivos. Estas serán adecuadas a cada neno/a, motivadoras, variadas e atractivas, perseguirán o desenvolvemento global, serán significativas, é dicir, terán relación co coñecemento e co contorno dos nenos/as, facilitarán a relación cos adultos e adecuaranse ao contexto social e escolar. Atendendo aos tipos de

actividades, sinalar:

- *Actividades rutinarias*. Son aquelas nas que se levan a cabo as rutinas de aula como mirar o tempo, pasar lista, nomear o encargado,... Estas serviránlle ao alumnado como marco para a súa estruturación temporal.

- *Actividades atendendo a súa secuenciación*:

- *Actividades iniciais*. Son aquelas actividades que se levan a cabo ao principio de cada temática coa intención de motivar aos alumnos/as e suscitarlle interese. Ademais, serven para identificar os seus coñecementos previos. Algunhas son: narración de contos, elaboración dun debuxo, unha chuvia de ideas,...
- *Actividades de desenvolvemento*. Con elas preténdese que os alumnos/as adquiren os obxectivos didácticos previstos na programación. Por exemplo: actividades de tipo manipulativo (exploración dos estados da auga), plástico (estampación coas mans, cos dedos), tecnolóxico (emprego do encerado dixital interactivo),...
- *Actividades finais*. Son as actividades que se propoñen como conclusión e serven para a recompilación da información aprendida. Algunha actividade final é a creación dun mural, un debuxo,...

En relación con estas actividades, sinalar que este curso académico traballarei baseándome nun proxecto dirixido á aproximación a contos infantís, polo que cada trimestre se enfocará en varios de distinta temática (algúns xa coñecidos polos pequenos/as pois móvalles sabelos e outros non). A partir de cada un destes, vertebraranse distintas actividades; por exemplo, a través do conto *O pirata pata de lata* traballaremos o corpo humano, algunhas das súas partes e funcións; co conto *A vaca que puxo un ovo* traballaremos os animais, tanto os de granxa como os salvaxes identificando algunha das súas características,... Ademais destas actividades, tamén desenvolveremos aquelas relacionadas co proxecto de centro Xulio Verne.

- *Actividades de reforzo e ampliación.* Son aquelas que estarán programadas para adecuarse á diversidade do alumnado. O seu obxectivo é atender tanto ao neno/a que presenta dificultades nas actividades propostas (por exemplo, actividades de lectura de láminas) como aquel que mostra maior rapidez na súa realización (afondamento na temática traballada).

- *Actividades complementarias.* Estas defínense como aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se usan. Estas son voluntarias e algún exemplo é a saída ao contorno natural.

- *Actividades extraescolares.* Son aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, se realizan fóra do horario lectivo.

- *Actividades de conmemoración.* Son aquelas nas que se desenvolverán as conmemoracións que se deben traballar na escola e que se encontran recollidas na *Orde do 19 de maio de 2021.*

12. Avaliación

A avaliación nesta etapa encóntrase regulada pola *Orde do 25 de xuño de 2009*, a cal concíbea como o instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo, así como unha práctica habitual e permanente deste. A súa principal finalidade é detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento dos nenos/as, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais como colectivas. Dita avaliación debe atender a: que, como e cando avaliar. Con respecto á primeira das preguntas, **que** avaliar, os criterios de avaliación do alumnado son:

Área I. Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e algunhas das súas diferentes partes e funcións.

- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.
- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- Avanzar na construción dunha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.
- Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as súas normas.
- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.
- Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.

Área II. Coñecemento do contorno

- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, iniciándose no seu valor notacional e conceptual.
- Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.
- Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara a natureza e participar en actividades para conservala.
- Establecer relacións positivas cos demais interiorizando as pautas de comportamento social. Creación de relacións de afecto e pertenza.
- Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.

- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.
- Recoñecer, identificar e pór exemplos dalgúns servizos comunitarios.
- Identificar elementos significativos da tradición e da cultura galega, aprecialos e facelos seus.
- Identificar persoas e sucesos importantes da historia da súa comunidade, país e mundo.

Área III. Linguaxes: comunicación e representación

- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con adultos, segundo as intencións comunicativas.
- Amosar unha actitude positiva cara a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.
- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.
- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.

Ditos criterios especificaranse en indicadores de avaliación nos boletíns trimestrais, xa que estes concretan aspectos observables e, por tanto, son realmente os

parámetros da avaliación.

Sinalar ademais que a avaliación non debe estar enfocada unicamente cara o alumnado, senón que tamén é necesario avaliar a organización da aula, o seu clima, a programación didáctica, a coordinación entre os profesionais,... é dicir, a propia práctica docente. Algúns dos indicadores para valorar todos estes aspectos son:

- Adecúanse as actividades ás características e necesidades do alumnado.
- Utilízanse materiais motivadores para o alumnado.
- Foméntase un clima de confianza e afectividade.
- Facilitase a implicación das familias no proceso educativo do seu fillo/a.
- Existe un alto grao de coordinación entre os diferentes profesionais.
- Está ben planificada a programación didáctica.

No tocante a **como** avaliar destacar que se realizará de maneira global, xa que se refire ao conxunto das capacidades expresadas nos obxectivos; continua, recollendo información ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe; e formativa, pois proporciona información constante que permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa. Ademais, plasmareina en termos cualitativos recollendo os progresos. Pola súa banda, a observación directa e sistemática, a análise das producións dos nenos/as e as entrevistas coas familias constituirán as principais técnicas e fontes de información. Así mesmo, para recoller toda esta información empregarei o diario de aula. En relación a isto, no caso de que se desenvolva un período lectivo non presencial, avaliarei atendendo ás producións que me manden, a información que me transmitan ás familias,...

Finalmente, o proceso de avaliación tamén debe responder a **cando** avaliar. Esta, debido ao seu carácter continuo abarcará todo o curso escolar, destacando tres momentos clave. A avaliación inicial prodúcese cando o neno/a se incorpora ao sistema educativo. Neste caso, ao ser de tres anos, realizareilles unha entrevista

inicial ás familias para coñecer algúns aspectos salientables dos pequenos/as, así como me fixarei moito no seu período de adaptación e a súa evolución durante os primeiros días de escola. Logo, toda esta información plasmareina no XADE. Pola súa banda, ao longo do curso, levarei a cabo unha avaliación continua, utilizando distintas situacións para analizar os progresos e as dificultades do alumnado. Esta información será comunicada ás familias a través do boletín informativo trimestral. Para desenvolver esta avaliación continua, levaranse a cabo varias sesións de avaliación co resto dos profesionais. Realizarase unha inicial e unha por cada trimestre, catro en total. Finalmente, atendendo á avaliación final, cubrirei o Informe Anual de Avaliación Individualizado de tres anos. Neste documento, reflectirei os datos máis relevantes deste curso escolar, así como cuñarei o respectivo resumo de escolaridade. Todos estes informes serán recollidos no expediente persoal e inseridos na aplicación informática XADE.

13. Conclusión

Ata aquí, o desenvolvemento da miña programación. Sinalar que esta está deseñada a principio de curso, polo que durante a súa posta en práctica e grazas a súa flexibilidade, poderá ser modificada para atender ás novas necesidades dos nenos e nenas, intereses, cambios xurdidos pola situación epidemiolóxica derivada da COVID19,...